



# BOP

MARTES, 1 DE JULIO DE 2014

Nº 149

## DIPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

##### *Anuncio*

Resolución do 20 xuño de 2014, do Servizo Provincial de Lugo da Axencia Galega de Infraestruturas, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación -trámite de urxencia-, para a expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras do "Proxecto de construción: actualización e terminación das obras de acceso ao porto de Burela (clave LU/06/048.03.1)", no termo municipal de Burela.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia, establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

Con data 21 de xullo de 2011 procedeuse á aprobación do Proxecto de construción: actualización e terminación das obras de acceso ao porto de Burela (clave LU/06/048.03.1), pola directora xeral de Infraestruturas, por delegación do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Con data 5 de setembro de 2013 a Xunta de Galicia, procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para efectos de expropiación para a mencionada obra polo Decreto 145/2013, publicado no DOG nº 178, do 18 de setembro de 2013.

Na súa virtude e en cumprimento do disposto no artigo 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do regulamento para a súa aplicación, este servizo provincial, no uso das facultades que lle confire o artigo 98 da mencionada Lei, resolve convocar aos titulares de bens e dereitos afectados para que comparezan no lugar, data e horas que se citan, para proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os bens e dereitos afectados e os prexuízos derivados da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

##### CONCELLO DE BURELA:

Día: 13 de agosto de 2014

Lugar: Salón de plenos da Casa Consistorial (C/ Eijo Garay 20)

Horario: das 10:00 ás 13:30 horas.

De: BARCIA FRA ANTONIO a RODRIGUEZ CASTRO RAMONA

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes estarán expostos no concello de Burela e no Servizo Provincial de Lugo da Axencia Galega de Infraestruturas (Edif. Adtvo. Ronda da Muralla, 70).

A dito acto deberán acudir os titulares afectados, persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, e achegar os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade, e último recibo da contribución; podendo ir acompañados, pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notario.

Así mesmo, e no cumprimento do establecido no artigo 56 do regulamento da Lei de expropiación forzosa, ábrese información pública durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no Boletín Oficial del Estado, ou ata o momento do levantamento das actas previas á ocupación correspondente, co fin de que os interesados poidan formular por escrito, ante este Servizo Provincial de Lugo da Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que consideren pertinentes co obxecto de emendar posibles erros padecidos ao relacionar os bens afectados pola urxente ocupación.

Lugo, 20 xuño de 2014.- O xefe do Servizo, Gerardo Pallares Sánchez

R. 2542

**AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO***Anuncio*

M<sup>a</sup> Carmen Cal Yañez, con DNI 32401789X, solicita de Augas de Galicia autorización de obras no Concello do Valadouro . O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.44955

As obras solicitadas consisten no peche de parcela de formigón de altura variable, non maior de 1,40 m, e 158 m de lonxitude na zona de policía do rego Ferreira en Tras dos Ríos, A Laxe, O Valadoruro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Valadouro (O) ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 19 de xuño de 2014.- A xefa do servizo territorial, M<sup>a</sup> Carmen Quintero Serrano

R. 2539

**CONCELLOS****LUGO***Anuncio*

A teor do disposto no artº 59 do Regulamento de Cemiterio en vigor, comunícase ás comunidades hereditarias de don José Ramón Jesús Manuel Gómez Pérez que, o Tenente de Alcalde delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá, dictou o decreto número 14005722 con data 11 de xuño de 2014, no cal aprobábase o cambio de titularidade da unidade de enterramento 05-433, a favor de dona Francisca Díaz Gómez.

Así mesmo comunícase que poderán retirar copia íntegra do decreto referenciado nas oficinas de Cemiterio deste Concello.

Lugo, o 23 de xuño de 2014.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E PARTICIPACIÓN CIDADÁ, Manuel Núñez López

R. 2532

*Anuncio***Expediente de infracción urbanística nº 35/2011**

Ante a imposibilidade de notificar a CONSTRUCCIONES PEDROUZO, S.L. no último domicilio coñecido, de conformidade co previsto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise pública a notificación do Decreto número 14004866, do 21 de maio de 2014, no que se resolveu o procedemento de restauración da legalidade incoado pola realización de obras sen axustarse á licenza municipal concedida no edificio situado na Pza Maior nº 9 e rúa Doutor Castro, nº 7.

No referido Decreto resólvese declarar a caducidade do expediente de Infracción urbanística así como a improcedencia de adopción de medidas de restauración da legalidade urbanística. Todo isto sen prexuízo da visita de inspección que se xire (unha vez rematado o prazo de execución contemplado na Licenza 1061/09, prorrogada pola licenza 1140/12) co fin de comprobar se están rematadas e se se axustaron á licenza concedida.

Posto que, a xuízo do órgano que subscribe, nestes expedientes existen datos que poden lesionar dereitos ou intereses lexítimos dos interesados, esta publicación límitase a unha breve indicación do acto, emprazando ós interesados no Servizo de Urbanismo, Negociado de Disciplina Urbanística, para que poidan coñecer o contido íntegro do acto notificado no prazo de OITO DÍAS; de conformidade co establecido no artigo 61 da Lei 30/1992. Significando que os prazos que se indican nos parágrafos seguintes, comezarán a contar dende o remate do prazo de oito días ou dende a data da comparecencia se efectúe nas dependencias do Servizo de Urbanismo.

Significando que contra este acordo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo no prazo de UN MES (Disposición transitoria segunda, en relación cos artigos 107, 116 e 117 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común). O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houberse resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de DOUS MESES dende a data da desestimación da resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa). No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta
- Recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).
- Calquera outro recurso que estime conveniente ó seu dereito.

Lugo, 23 de xuño de 2014.- O ALCALDE P.D.: O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA AREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE (DECRETO NÚMERO 13008312 DO 30/08/2013), Luis Manuel Álvarez Martínez.

R. 2533

## MONDOÑEDO

### *Anuncio*

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a resolución desta Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 pola que entre outros extremos se nomea a Don Modesto Díaz García Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Mondoñedo.

Considerando que Don Modesto Díaz García renunciou ao seu cargo como concelleiro deste Concello tomando coñecemento o Plano o 29 de maio de 2014 e foi substituído por Dona María Esperanza González Martín que tomou posesión do seu cargo o día 20 de xuño de 2014.

Considerando que mediante resolución do 23 de xuño de 2014 foi nomeada membro da Xunta de Goberno Local deste Concello Dona María Esperanza González Martín.

Visto a acordo de Pleno de 21 de xuño de 2011 polo que se aproba o desempeño en réxime de dedicación exclusiva dos cargos de Primeiro Tenente de Alcalde e Segundo Tenente de Alcalde cunhas retribucións brutas de 1.877,60 euros mensuais por 14 pagas ao ano e a correspondente alta no Réxime da Seguridade Social, actualizándose de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios públicos.

Visto o artigo 21.2 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local así como o 23.3 da mesma nos que se dispón que corresponde ao Alcalde o nomeamento dos tenentes de Alcalde que substitúen por orde de nomeamento e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade ao alcalde, sendo libremente designados por éste de entre os membros da Xunta de Goberno Local e onde non exista entre os concelleiros.

Vistos os artigos 46,47 e 48 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais que regulan esta materia seguindo os mesmos criterios

#### RESOLVO

**PRIMEIRO:** Nomear no cargo de primeira tenente de Alcalde do Concello de Mondoñedo a Dona María Esperanza González Martín coa dedicación exclusiva e retribucións aprobadas para o cargo polo Pleno de 21 de xuño de 2011: retribucións brutas de 1.877,60 euros mensuais por 14 pagas ao ano e a correspondente alta no Réxime da Seguridade Social, actualizándose de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios públicos.

**SEGUNDO:** Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente á designada, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

O manda e asina o Sr. Alcalde- Presidente, en Mondoñedo, a 21 de xuño de 2014, do que eu Secretaria, dou fe.

O Alcalde, M. Orlando González Cruz. Ante miña, A Secretaria, Eva Rodríguez Fernández

R. 2537

**RIBAS DE SIL***Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio 2013, expone ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de Contas o día 23 de xuño de 2014. Durante este prazo, e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do Concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Ribas de Sil, 23.06.2014.- O Alcalde-Presidente, Miguel Ángel Sotuela Vega

R. 2540

**SAMOS***Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 19 de xuño de 2014 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e as parroquias limítrofes, correspondente ao 4º trimestre de 2013, expone ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. P., rematado este prazo sen presentarse reclamación algunha, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello no Banco Pastor de Samos, noutro caso.

Fixase como periodo de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en periodo voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

En Samos, a 20 de xuño de 2014.- O ALCALDE, Julio Gallego Moure.

R. 2535

**XERMADE***Anuncio*

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de marzo de 2014, acordou aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas da madeira e os montes e espazos forestais do Concello de Xermade, publicándose no BOP núm. 090 de Lugo, do 21 de abril. Presentadas alegación en prazo estas foron resoltas en pleno ordinario de 12 de xuño de 2014 que acordou desestimar as alegacións e aprobar definitivamente de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, a antedita Ordenanza, publicando o seu texto íntegro en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril e facendo constar que contra a aprobación definitiva das

ordenanzas poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia.

## **ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE XERMADE.**

A actividade madeireira ten suma importancia no Concello de Xermade debido a que boa parte da superficie municipal está cuberta por especies forestais, polo que a incidencia do monte nas economías familiares do concello é moi importante, e cómpre darlle o valor que lle corresponde.

Igualmente, a industria de transformación da madeira tamén é esencial para a economía de Xermade, debido ós postos de traballo que xera, e á elaboración de produtos de maior valor engadido.

Ademais, o monte galego posúe unha elevada produtividade, grazas ó noso clima e á nosa terra, e isto xera unha gran cantidade de potencialidades, que ben aproveitadas, poderían incrementar a produción de madeira, facer medrar as rendas das persoas propietarias, mellorar a xestión das empresas madeireiras, achegar o produto de calidade para a industria transformadora, e con todo isto xerar máis valor, máis renda, máis emprego e máis calidade de vida.

Non obstante, para lograr todo isto é preciso virar a actual situación e camiñar cara a un novo paradigma de xestión sustentable do monte galego. E iso pasa por eliminar ou reducir os graves problemas que ten hoxe en día o sector como son, entre outros, a escasa cualificación da man de obra, unha distribución de parcelas minifundista e irregular, ou os importantes impactos sobre a rede viaria municipal causados pola maquinaria forestal e os labores de extracción e carga da madeira.

O Concello, consciente da importancia do sector, pero tamén preocupado polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais, e polo tanto no conxunto da poboación, pretende regular con esta ordenanza os labores de xestión forestal en Xermade, no que respecta á conservación das vías e así promover unha xestión racional e sustentable dos espazos forestais. E faíno tomando como base as competencias que posúen os municipios nos ámbitos da infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, e en materia de policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios, planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, establecidas na Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local e na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, así como no previsto no Regulamento de bens das EELL, aprobado por RD 1372/86, do 13 de xuño, entre outras.

Principalmente, esta ordenanza pretende velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que poden ser obxecto de estragos por causa das operacións de plantación, corta e saca da madeira.

É por iso que esta ordenanza vén regular a actividade extractiva de madeira no termo municipal, agás aquela que poida considerarse de autoconsumo. Neste senso establécese unha serie de obrigas de xestión que afectan tanto ás empresas como ás persoas propietarias dos montes explotados.

Para levar control das operacións forestais que se desenvolvan, o Concello requirirá a presentación dunha comunicación previa, para informar da realización de actividades extractivas de madeira, e dunha fianza, para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local. Por último a ordenanza recolle un apartado de infraccións e de sancións.

### **TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO**

#### **Artigo 1.- Obxecto e fundamento**

1. Segundo o que se dispón nos artigos 25, e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, e 75 e 77 do Regulamento de Bens das EELL, o Concello de Xermade establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial das cortas forestais.

2. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do citado uso pola actividade forestal que consiste na corta e saca de madeira dentro do termo municipal, para facela compatible coa preservación do medio natural, dos bens municipais e da seguridade viaria. Esta ordenanza afecta aos actos que se desenvolvan e que teñan por obxecto a obtención de madeira e o seu transporte (operacións preparatorias de corta, desprazamentos de vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos de madeira, transporte da madeira etc.). Con isto quérese facer compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal, tan importante no noso Concello, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e coa seguridade viaria.

## Artigo 2.- Definicións

1. Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considérase como actividade forestal aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento venturoso, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

2. Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de Xermade que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

3. Por empresa madeireira debe entenderse a persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

## Artigo 3.- Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Xermade, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

## TÍTULO I: AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO

### Artigo 4.- Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira

1. Para realizar traballos de corta e saca de madeira en plantacións forestais deste Concello, como as de outros concellos limítrofes que necesiten o uso de camiños ou pistas do concello de Xermade para o acceso a ditas parcelas, cun volume estimado superior a 20 metros cúbicos, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de tres días ó comezo das actividades. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foran da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico.

2. O escrito de comunicación previa será asinado pola empresa madeireira, debendo constar nel os seguintes datos:

- Datos identificativos empresa madeireira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa)
- Especie de madeira obxecto da corta
- Volume de madeira que se prevé extraer
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia
- Identificación catastral da finca ou monte afectado (polígono e parcela/s)
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga

3. Acompañarase ó escrito de comunicación previa a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións.
- Fotocopia da documentación en vigor da maquinaria, vehículos a utilizar na citada corta, así como que teñen seguro actualizado(fotocopia do seguro de pago) \* Relación nominal do persoal que vai traballar na citada corta, así como de estar ó día nos pagos á Seguridade Social de ditos traballadores
- Escrito que contemple as datas previstas de comezo e remate da talal, non superior a un mes, para que o concello poida prever a utilización das vías, e millorar a labor de vigilancia
- Fianza ou aval bancario segundo o disposto no art. 7 desta ordenanza.

4. O Concello de Xermade terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo I.

5. O Concello de Xermade requirirá á empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento (o mesmo que o de comunicación previa) cando comprobe que a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a comunicación previa.

6. Exceptúase de todo o descrito anteriormente, e, polo tanto, do disposto na presente ordenanza, a realización de cortas para usos propios domésticos, entendendo como tales os que non teñan fins comerciais e teñan un volume máximo de 20 m3.

#### **Artigo 5.- Responsables**

1. A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de Xermade velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de conservación, limpeza e seguridade.

2. A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira, e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

3. As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, de tomar as medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

#### **Artigo 6.- Obrigas**

1. A empresa madeireira estará obrigada a asumir os custos da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local

2. A empresa madeireira queda obrigada á limpeza e á retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.

3. Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ós camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.

4. Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais queden ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables ós urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal adecuado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

5. As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de maneira que minimicen o risco de incendio, dando prioridade ós tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ó ciclo produtivo agroforestal ou ó aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

6. A empresa madeireira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

7. Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

8. A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunde e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

9. As limpeza ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

### Artigo 7.- Fianza

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza en metálico ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responder dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. Para os efectos desta fianza (que debe ser depositada coa comunicación previa) establécense catro categorías.

- Volume de corta inferior a 300 metros cúbicos: 600,00 €
- Volume de corta entre 300 e 1.000 metros cúbicos: 1.800,00 €
- Volume de corta entre 1.000 e 3.000 metros cúbicos: 5.000,00 €
- Volume de corta superior a 3.000 metros cúbicos: 8.000,00 €

As fianzas para a retirada de madeira no periodo estival, estimado entre maio e outubro, serán reducidos nun 50% do seu importe.

2. No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar, ao mesmo tempo, cortas en parcelas contiguas, e para os efectos do cálculo da fianza a aplicar, deberá computarse o volume total de madeira extraída desas parcelas.

3. Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completárase nun prazo de 30 días naturais, toda vez que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas ou no dominio público local.

### Artigo 8.- Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria

1. Unha vez que transcorriu un prazo de sete días dende que se producise a destrución ou deterioro do dominio público viario local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello fará un informe técnico e poderá realizar, con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

2. Se os danos foran dunha contía superior ao da fianza, o Concello elaborará un informe técnico sobre os ditos danos e requiriráselle ao responsable da corta para que abone as cantidades ocasionadas por estes, ademais da fianza inicial, mediante a tramitación do oportuno expediente administrativo, conforme ó que se prevé na Lei 30/92 de procedemento administrativo.

## TÍTULO II: INFRACCIÓNS E SANCIONES

### Artigo 9.- Infraccións

1. Son infraccións da presente ordenanza os acto(s) e omisións que contraveñan o establecido nesta. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, ademais da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

2. As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

3. Constitúen infraccións moi graves:

- Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de comunicación previa de realización dos traballos forestais, unha vez fose requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais nun estado de sucidade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

\*Realizar os traballos con maquinaria ou persoal non relacionados con anterioridade

4. Son infraccións graves:

- Non presentar o escrito de comunicación previa, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais en deficiente estado de sucidade, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Non demoler ou non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais.
- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.



5. Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e a súa sanción corresponda ao Concello.

#### **Artigo 10.- Sancións**

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 300,00 €
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01 e 1.500,00 €
- Infraccións moi graves: multa de contía entre 1.500,01 € e 3.000,00 €

2. A tramitación do procedemento sancionador, non previsto nesta ordenanza, rexerese pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada.

3. O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

4. As multas e sancións impostas ao amparo da presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50% no caso de que se abonaran no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

5. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se for o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

6. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

7. A resolución do expediente sancionador corresponderá á alcaldía.

#### **Artigo 11.- Requerimentos**

Unha vez que se advertiu o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para iso un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non poderá exceder dun mes. Asimesmo unha vez que transcorriu este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custos derivados á persoa responsable.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

1.A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir deste mesmo día.

2.A alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

Xermade, 19 de xuño de 2014.- O Alcalde, Tomás Rodríguez Arias.

R. 2538

XOVE

*Anuncio*

Remitida ó Concello a Matrícula do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS para o exercicio de 2.014, unha vez confeccionado pola Axencia Estatal da Administración Tributaria-Delegación de Lugo, ponse de manifesto ó público, a parte cuxa xestión corresponde a este Concello, no Departamento de Tesourería, en horario de 9 a 14,00 horas, de luns a venres, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte inclusive ó que apareza este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións.

Advirtese que a inclusión do suxeito pasivo na matrícula, así como a súa exclusión ou alteración de calquera dos datos ós que a mesma se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpor, no prazo de quince días a contar do inmediato seguinte ó da terminación do período de exposición pública da matrícula, recurso de reposición perante o xefe da Dependencia de Xestión da Axencia Estatal da Administración Tributaria de Lugo, ou reclamación económico-administrativa, no mesmo prazo, perante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional (Secretaría Delegada de Lugo), sen que se podan interpor, asemade, ámbolos dous recursos (art. 91 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en relación co artigo 4 do Real Decreto 243/1995, de 17 de febreiro polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal do devandito imposto).

Xove, a 23 de xuño de 2.014.- O ALCALDE, José Demetrio Salgueiro Rapa

R. 2534

---

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº2 DE MONFORTE DE LEMOS

#### *Anuncio*

En el expediente de Jurisdicción voluntaria seguido en este Juzgado de Primera Instancia al número 0000349 /2013 sobre formación de inventario de la herencia de D. MANUEL LÓPEZ ZOLLE se ha dictado la siguiente:

PROVIDENCIA DE EL/LA JUEZ  
D./Dña. GLORIA MARIA CORRAL DE BURGOS

En MONFORTE DE LEMOS, a siete de Octubre de dos mil trece

Recibida la anterior solicitud, documentos que se acompañan presentada por D. ERNESTO LOSADA ZOLLE se admite a trámite, incoándose expediente de jurisdicción voluntaria para la formación de inventario de la herencia de D. MANUEL LÓPEZ ZOLLE, que se registrará en el libro correspondiente.

Cítese a los acreedores y legatarios expresados en la solicitud para que puedan asistir si les conviniere a la formación del inventario, concediéndoseles al efecto el plazo de quince días para personarse en el expediente, fijándose edictos en el tablón de anuncios del Juzgado y publicándose en el Boletín Oficial de la Provincia para la citación de los posibles acreedores desconocidos del causante.

Fórmese por el/la Sr/Sra Secretario inventario fiel y exacto de los bienes de la herencia, inventario que se principiará dentro de los treinta días siguientes a la citación de los acreedores y legatarios y concluirá dentro de otros sesenta.

Contra esta resolución cabe recurso de reposición en el plazo de CINCO DIAS que se interpondrá por escrito ante este Juzgado.

Lo que así se propone y firma, doy fe.

EL/LA JUEZ. EL/LA SECRETARIO

Y, para que sirva de citación a los acreedores desconocidos del causante, expido la presente en MONFORTE DE LEMOS, a siete de Octubre de dos mil trece.

EL/LA SECRETARIO

R. 4082-3

---

## MINISTERIO DEL INTERIOR

### JEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO DE LUGO

#### *Anuncio*

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59 y 61 de la Ley 30/92, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (B.O.E. 285, de 27 de noviembre de 1992), se hace pública notificación de la iniciación de los expedientes para declarar la pérdida de vigencia de las autorizaciones administrativas para conducir de que son titulares las personas que a

continuación se relacionan, y que son instruidos por la Jefatura Provincial de Tráfico, ya que habiéndose intentado la notificación en el último domicilio conocido, ésta no se ha podido practicar.

Los correspondientes expedientes obran en la Jefatura Provincial de Tráfico, ante la cual les asiste el derecho de alegar por escrito lo que en su defensa estimen conveniente, con aportación de las pruebas que consideren oportunas, dentro del plazo de diez días hábiles, contados desde el siguiente al de la publicación del presente edicto en el BO.

Transcurrido dicho plazo sin que se haya hecho uso del derecho para formular alegaciones y/o aportar pruebas, se dictarán las oportunas resoluciones.

Lugo a 18 de junio de 2014.- La Jefa Provincial de Tráfico, Paula Yubero Plaza

<b>Expediente</b>	<b>Conductor</b>	<b>DNI</b>	<b>Localidad</b>	<b>Data</b>
2729540711	ANA PAULA AGOSTINHO CORREA	X2517353A	GUITIRIZ	28/05/2014

R. 2536

---